



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **UN DE XUÑO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez, D. José Aurelio López López e D. José Antonio Real Vázquez (ausente sen excusa previa o Sr. concelleiro D. Manuel López Armesto), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión “**ordinaria**” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º.- A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ANTERIOR LEVADA A CABO EN DATA 06/04/2018.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación ao borrador da acta da sesión anterior de data 06/04/2018, que lles foi entregado xunto coa orde do día. Non habendo observacións, queda aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deuse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno coa súa posta a disposición aos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o n^o 2018-0029 ata o n^o 2018-0049).

O Pleno dáse por enterado.

3º.- DAR CONTA DA ACTUALIZACIÓN E DATOS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E/OU ESTADOS FINANCEIROS INICIAIS DAS ENTIDADES QUE FORMAN PARTE DO SECTOR DAS AAPP DA CORPORACIÓN, CON MOTIVO DA RENDICIÓN DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2018.

O Sr. alcalde cede á palabra á Secretaría-Intervención para que dé conta aos Sres. concelleiros que en cumprimento do art. 16 da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, na redación dada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, en data 23/04/2018 rendiuse pola Secretaría-Intervención a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais, a actualización e datos de execución do presuposto e/ou estados financeiros iniciais das entidades que forman parte do sector das administracións públicas da corporación con motivo da rendición das obrigas trimestrais de subministro de información *correspondente ao 1º trimestre do exercicio de 2018.*



O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

4º.- DAR CONTA DO PMP CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta ao Pleno Corporativo do periodo medio de pago correspondente ao 1º trimestre de 2018 e rendido pola Secretaría-Intervención en data 23/04/2018 a través da aplicación habilitada ao efecto na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais. A comunicación dos citados datos efectuouse en cumprimento do art. 4.1.b) da Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, e de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de rendición de recursos dos réximes de financiación previstos na citada Lei Orgánica 2/2012.

A Secretaria-Interventora municipal da lectura ao Pleno do detalle do informe, que é:

Ratio operacións pagadas: -20,39
Importe pagos realizados: 171.079,20 €
Ratio operacións pendentes: -14,82
Importe pagos pendentes: 2.514,94 €
PMP: -20,31

PMP Global:
Importe pagos realizados: 171.079,20 €
Importe pagos pendentes: 2.514,94 €
PMP: -20,31

O signo negativo nas operacións pagadas indica que o concello paga antes do transcurso dos trinta días naturais desde a presentación das facturas ou certificacións de obra ou que ao final do periodo para a remisión da información aínda non transcurriu, nas operacións pendentes de pago, esos trinta días.

O resgardo de envío así como a documentación rendida púxose a disposición dos Sres. concelleiros.

Os Señores concelleiros dánse por enterados.

5º.- EXPEDIENTE Nº 1/2018 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS DE COMPETENCIA PLENARIA.

O sr. alcalde da lectura da súa Proposta obrante no expediente, a cal se transcribe literalmente:



“

Proposta de Alcaldía

Expediente núm.: 189/2018

Procedemento: Recoñecemento Extraxudicial de Créditos de competencia plenaria nº 1/2018

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o informe de Secretaría-Intervención emitido en data 28 de maio de 2018, en relación co procedemento e lexislación aplicable para proceder ao recoñecemento extraxudicial dos créditos que a continuación se detallan (e cuxas facturas figuran como anexo ao presente expediente), e no que se informa favorablemente o mesmo:

Nº de Entrada no Rexistro de Facturas	Data	Nº de Factura	Data da Factura	Importe	NIF/CIF Emisor Factura	Emisor Factura	Texto Explicativo	Programa	Económica
180	28/04/2018	34-018	14/03/2018	389.61€	32797453M	MONTSERRAT BERMÚDEZ TASENDE	SERVIZOS DE PROCURADURÍA NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4344/16 T.S.X.G SECC. 2ª DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO	920	22604
125	13/03/2018	A17/1379	15/11/2017	14,00€	B27440759	EUROGÓMEZ S.L.	SUBMINISTRO DE 52 ESLABÓN CADENA HUSQVARNA 3/8 H37 P/B	163	22699

Visto que a non aprobación destas facturas para o seu posterior pagamento suporía “un enriquecemento inxusto da administración”, e que, polo seu importe, a imputación dos mesmos ao exercicio corrente non causaría prexuízo nin limitación algunha para a realización das atencións do exercicio corrente.

Visto que o expediente non estivo concluído ata hoxe, e que cómpre adoptar canto antes os acordos que procedan para non alterar o período medio de pago, procedendo xa que logo consonte ao preceptuado polo artigo 126.2 do ROF.

Visto o preceptuado nos arts. 26.2.c) e 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo, órgano competente, a adopción do presente **ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos de competencia plenaria nº 1/2018.

SEGUNDO: Aplicar os citados gastos ao Orzmento de gastos do exercicio 2018 con cargo ás aplicacións sinaladas.

TERCEIRO: Que se proceda pola Intervención Municipal á súa contabilización nas partidas correspondentes.

O alcalde,

Asdo.- Julio Gallego Moure.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE”



Sen que se produzan intervencións, ábrese a quenda das votacións, e o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes (oito votos a favor), sendo nove o número legal de membros, aproba a proposta transcrita anteriormente.

Ao pasar ao seguinte punto da orde do día, o Sr. alcalde advirte o erro existente na numeración da orde do día da convocatoria a partir deste punto 5º, polo que se procede a rectificar a na presente acta a numeración incorrecta.

6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE AXILICEN OS TRÁMITES PARA A RECUPERACIÓN DO CAMIÑO QUE UNE SAMOS CON O COUREL POLA PONTE DE LÓUZARA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-747 en data 28 de maio para ser tratada polo Pleno Corporativo, a cal a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os camiños reais ou camiños públicos que unían as distintas poboacións de Galicia antes de existir o entramado actual de estradas, gozaban de una gran importancia para as comunicacións entre pobos xa que por eles discurrían mercadorías, correo, animais etc.

Estes camiños, cuia estrutura está perfectamente regulamentada, figuran, a maioría nos Inventarios Municipais de Bens.

Un destes camiños, o que unía Samos con O Courel pola Ponte de Louzara, resultaba moi transitado polas xentes dos diferentes lugares por onde pasaba ata que chegou o progreso, e con él, a moderna, para aquela época, e ansiada estrada asfaltada.

Este Camiño atópase actualmente cortado nas inmediacións do Castro da Moura, por una plantación de piñeiros que non respectou o carácter público do histórico paso, motivando as protestas do veciños con servidume de paso para as súas fincas, os cales iniciaron as xestións para informar ó Concello e que este actuase para resolver este caso, xa vai facer dous anos, non obtendo ata o momento resposta algunha.

Como é de xustiza recuperar o paso por ese camino por tratarse de una ruta histórica ou senlleira.

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se axilicen os trámites para a recuperación de dito camiño. “



Rematada a lectura da moción ábrese a quenda das intervencións, producíndose as seguintes:

- SR. ALCALDE.- Como vostede mesmo recoñece na moción a estrada asfaltada substituíu ao camiño vello. Preguntado aos veciños non dín nada do Camiño. Como vostede dí nas mocións, hai moitos camiños a atender, e resultan prioritarias as estradas. Cando haxa medios, arranxarase.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Entendo e comparto que as estradas son prioritarias. Preguntouse aos veciños e dín que se plantaron piñeiros que lle impiden o paso ás súas fincas. Dín que xa presentaron escrito no 2007 e que non se lles contestou. Xa sei que os camiños non son prioritarios, pero haberá que atendelos.

- SR. ALCALDE.- Non sei se vostede quere dicir algo sobre este asunto (dirixíndose ao Sr. concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, D. José Aurelio López López)

- SR. LÓPEZ (GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR).- Entendo que si é camiño, haberá que recuperalo.

- SR. GARCÍA (GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA).- Pero ese camiño non une Samos e O Courel, e é un carreiro con unha prantación de piños.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Según eses veciños plantáronse os piñeiros no camiño.

Rematadas as intervencións procédese coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo mixto e 1 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, polo que non se aproba a moción transcrita anteriormente.

7º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPARE A PISTA QUE VAI DENDE O POBO DE GONTÁN ATA O POBO DE PASCAIS PASANDO POLA IGREXA DE SANTALLA.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-748 en data 28 de maio para ser tratada polo Pleno Corporativo, e que a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado actual da pista que dende o pobo de Gontán , vai ata o pobo de Pascais , pasando pola igrexa de Santalla , resulta desastroso , non reunindo as condicións óptimas



para o seu uso adecuado , existindo grandes baches que chegan a ocupar casi toda a calzada , que fan que ese vial sexa cada vez mais difícil de transitar.

Polo que , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.- Que se repare dita pista , xa ben sexa bacheando como último remedio , ou cun arranxo completo , que sería o ideal , antes de que se deixe de poder transitar por ela. “

Intervencións:

- SR. ALCALDE.- Vexo que como vostede veu que xa foi limpado pola Deputación, e que as pistas van ser asfaltadas pola Deputación quere anotarse o tanto. O traballo fano outros e quere vender a moto ós veciños. Os veciños non son tontos e saben quen fan as obras. Qué puxo o seu partido para as obras?

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Ao partido, empezando por mín, alégrase de que se fagan as cousas e as que pedimos aquí. Non vou a estar triste porque se fagan obras no Concello, ao revés...

- SR. LÓPEZ (GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR).- Estamos a favor de que se arranxe.

- SR. ALCALDE.- Por agora limpouse, e arranxarase en próximas datas, polo que imos votar en contra por este motivo.

Procédese a continuación coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo mixto e 1 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, polo que non se aproba a moción transcrita.

8º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE REPARE A PISTA QUE CONDUCE DENDE A ESTRADA LU-P-5603 (AIRA PADRÓN-PRADUCELO), NO LUGAR DE OUTONÍN ATA O LUGAR DE OUTONÍN DE ABAIXO.

O Sr. concelleiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, da lectura á moción presentada con R.X. nº 2018-E-RC-749 en data 28 de maio para ser tratada polo Pleno Corporativo, e que a continuación se transcribe:

“José Antonio Real Vázquez, Concelleiro de CxG – CCTT, e portavoz do Grupo Mixto, neste Concello de Samos, mediante o presente escrito, e en uso das atribucións que lle confire o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte moción para ser tratada polo Pleno da Corporación Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



A pista que conduce dende a estrada LU-P-5603 (Aira padrón – Praducelo), no lugar de Outonín , ata o lugar de Outonín de Abaixo , presenta un estado total de esquecemento , co firme desfeito en varios tramos e con terra procedente dun desprendemento dun tramo , que os días de choiva fai que se convirta nun barrizal.

Aproveitando que a Excma. Deputación de Lugo , ven de invertir varios miles de euros no Concello de Samos e sabendo que esta pista non ten moita lonxitude , ben se podía arranxar para darlle un bo servizo ós veciños.

Por todo esto , propoño ó Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

1º.-Que se repare dita pista dotandoa dun bo firme , coa maior urxencia posible. “

Rematada a lectura da moción, prodúcense as seguintes intervencións:

- SR. ALCALDE.- Xa se enviaron os proxectos á Deputación. Vanse facendo según urxencia, así como en función dos medios dispoñibles e da necesidade. Fun a semana pasada por alí e creo que hai outros peores que ése.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Polo menos ata que non se arranxen poderíanse tapar os baches...

-SR. ALCALDE.- Xa se taparon.

Non habendo máis intervencións, procédese a continuación coa votación ordinaria, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (1 do Grupo mixto e 1 do Grupo municipal do Partido Popular)

Votos en contra: 6 (Grupo municipal socialista)

Abstencións: Ningunha

Sendo nove o número legal de membros, polo que non se aproba a moción transcrita.

9º.- ASUNTOS URXENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde da paso aos asuntos urxentes, sen que se plantexe algún.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde da por iniciada a quenda de **ROGOS**, sen que se plantexe ningún, polo que procede coa quenda das **PREGUNTAS**. Cede a palabra ao Sr. concelleiro voceiro do Grupo Mixto (CxG-CCTT), D. José Antonio Real Vázquez, para que proceda a dar lectura ás presentadas en escrito con R.X. nº 2018-E-RC-750 en data 28 de maio, e que a continuación se transcriben:

“1.- Qué xestións fixo o Concello para poder arranxar de una vez o tema das goteiras na pista e os canalóns do Pavillón de Deportes ?”



- SR. ALCALDE.- Mentres non se corten os pinos, nada. Cando se corten segundo o que agora estipula a Lei de prevención de incendios, procederase ao arranxo.

“2.- De qué organismo é competencia o mantemento e xestión do Pavillón de deportes ?”

- SR. ALCALDE.- No inventario de bens non figura porque é moi antigo, do ano 1960, e a construción é do 1980. No catastro figura como de titularidade municipal.

- SR. REAL, GRUPO MIXTO (CxG-CCTT).- Moi ben, pois xa me queda claro para outras veces.

Non se formulan máis preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e vinte minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria